

5 PREGUNTAS FRECUENTES

EDICIÓN

PROMOTORES

1. Cando e como inscribir un proxecto?

Para a inscrición de proxectos é necesario que estea aberto o prazo de inscrición, no devandito prazo de inscrición os promotores do proxecto deberán cumprimentar e validar un formulario de inscrición para poder concluír correctamente o proceso.

Os proxectos só poderán inscribirse a través da páxina web do BFA (<http://bfauto.es/>), non existe outra canle para a inscrición de proxectos. Existen outras canles, como o telefónico e o correo electrónico, para o asesoramento ou resolución de dúbidas no proceso de inscrición.

2. Non teño claro en que fase inscribir o meu proxecto. Se inscribo o meu proxecto nunha fase que non corresponda, será descartado?

Non, o BFA conta con mecanismos para detectar e situar ao proxecto na fase máis idónea. Se un proxecto se inscribe nunha fase (aceleración ou consolidación) e esta non é a correcta poderá ser transferido a outra fase. O cambio será comunicado aos promotores do proxecto.

3. Que tipo de proxectos se poden presentar? É necesario ter constituída unha sociedade?

BFA dirixese exclusivamente a proxectos relacionados co sector de automoción e mobilidade, quedando excluídos aqueles proxectos relacionados con calquera outro tipo de mobilidade que non teña o automóbil como medio. En cada convocatoria publicaranse aquelas áreas de innovación consideradas prioritarias.

Poden estar constituídos ou non, o que se valorará é o potencial do proxecto e a traxectoria e adecuación do equipo ao mesmo. En caso de estar constituídos a súa antigüidade deberá ser como máximo de tres anos e medio (42 meses) para participar na fase de aceleración e máximo 6 anos (72 meses) para participar na fase de consolidación. Se non están constituídos, de resultar seleccionados, deberán constituírse antes de iniciar a fase de aceleración/consolidación, contando con tempo suficiente para iso.

4. Podo participar na iniciativa BFA como autónomo ou constituíndo unha comunidade de bens, sociedade civil, cooperativa, etc?

Non, para participar no programa BFA é necesario que o proxecto teña a personalidade xurídica de sociedade limitada (S.L.) ou sociedade de responsabilidade limitada (S.L. R.). Ademais, a sociedade debe de ter actividade ou iniciala unha vez que sexa constituída e entre no BFA.

5. Cal debe ser a natureza do meu proxecto e o grao de desenvolvemento?

O Programa está dirixido a Startups promovidas por emprendedores, Spin- outs resultado dunha empresa existente ou da colaboración de varias empresas, e Spin- offs con orixe en centros de coñecemento (universidades, centros tecnolóxicos, etc.)

Respecto ao grao de desenvolvemento non existen limitacións, pois en función da fase en que se atope o proxecto este optará á fase de aceleración ou á fase de consolidación. Iso si, a valoración será mellor na medida en que se achegue a información solicitada no formulario de inscrición de forma clara e concreta.

6. No caso de ser seleccionado, ¿debo trasladarme a Vigo?

Os proxectos seleccionados terán que fixar o domicilio social e fiscal, así como establecer o principal centro de actividade, na Comunidade Autónoma de Galicia. Todo iso polo menos durante a súa participación no BFA, e ademais mantelo durante a vixencia dos contratos de financiamento das fases de aceleración e/ou consolidación.

Ademais, o equipo do proxecto poderá ter presenza de forma continuada nas instalacións do BFA, que será o seu centro de traballo. As instalacións do BFA sitúanse preto das principais empresas de automoción a nivel rexional, o que facilitará a integración do proxecto no sector e a construción dunha rede de desenvolvemento de negocio.

7. É obrigatoria a asistencia ás actividades do Programa?

Os proxectos seleccionados comprometeranse a asistir e participar de forma activa en polo menos un 80% das actividades do Programa.

8. Hai algún requisito de nacionalidade?

Non. Non hai ningún requisito. En BFA pódense presentar proxectos de calquera país. En caso de resultar seleccionados, os promotores deberán xestionar: a fixación do domicilio social e fiscal da sociedade na Comunidade Autónoma de Galicia, o establecemento do seu principal centro de actividade na mesma; e os permisos de traballo dos integrantes do equipo que vaian trasladarse a España (se fosen requiridos). Toda a documentación debe estar dispoñible antes do inicio da fase de aceleración/consolidación.

9. Que criterios se terán en conta á hora de seleccionar os proxectos finalistas?

Nas candidaturas valorárase principalmente o equipo e o proxecto en función dos criterios establecidos (podes consultalos nas Bases do Programa). Naqueles proxectos que opten ao programa de Aceleración (proxectos seed ou semente nas primeiras etapas de desenvolvemento) na valoración obtida ponderárase cun peso do 60% o equipo e do 40% o proxecto, pois se considera que o equipo é a clave para o desenvolvemento e supervivencia do proxecto.

Para proxectos que opten ao programa de Consolidación (empresas early stage cun modelo de negocio en funcionamento e en proceso de consolidación) na valoración ponderárase cun peso do 40% o equipo e o 60% o proxecto. O equipo segue sendo clave, pero nestes momentos en que se require dun investimento superior o potencial do proxecto será fundamental.

10. Cal é o idioma da iniciativa?

Os participantes poderán inscribir a súa candidatura en español, inglés ou galego. O programa será desenvolto en español/galego ou inglés en función das necesidades dos participantes.

11. Cal é a diferenza entre promotores e equipo xestor?

Cando se fala de promotores e equipo xestor temos que distinguir a natureza do proxecto que vai participar en BFA:

Se se trata dunha startup os promotores e o equipo xestor serán as mesmas persoas.

Se se trata dunha spin-out ou spin-off, os promotores serán a empresa ou o centro de coñecemento e o equipo xestor será o persoal que se dedique a tempo completo e/ou parcial ao proxecto e ás actividades programadas en BFA.

Os promotores son aquelas persoas ou entidade/s nas que ten a súa orixe o proxecto, son os seus artífices e impulsores. No caso de tratarse dunha entidade ou conxunto de entidades, estas deberán designar a un equipo xestor que interveña directamente no proxecto, con poder suficiente para a toma de decisións e representación total do mesmo.

O equipo xestor conformarano aquelas persoas que formen parte do equipo que participa día a día no proxecto. Á hora de inscribir o proxecto no programa BFA poida que aínda non incorporase a ninguén ao persoal, pero se

non é así, queremos coñecelo e saber cal é a área ou posto que cobre. Por iso pedirémosche que especifiques no rexistro os roles de cada un dos integrantes do equipo do proxecto ou equipo emprendedor e cales teñen a condición de promotores.

12. Existe un límite de proxectos a presentar?

Non. Cada equipo promotor poderá presentar un número ilimitado de proxectos, pero só optará á elixibilidade dun. No caso de spin-offs e spin-outs poderán resultar elixibles máis dun proxecto, a condición de que o equipo xestor proposto para cada un deles sexa diferente.

13. Como me comunican se son seleccionado?

Unha vez pechada a fase de convocatoria iníciase a fase de selección. Ao longo desta fase poñeranse en contacto cos proxectos que resulten seleccionados para participar nas entrevistas persoais. Posteriormente publicarase na web do BFA os ata 10 proxectos que serán convidados a formar parte do programa de aceleración e os ata 10 proxectos que serán convidados a participar no programa de consolidación.

14. Participar no programa é compatible con outras fontes de financiamento?

Dende logo, ademais axudarase aos participantes a buscar financiamento adicional e promóvese entre eles a procura de forma activa doutras fontes que permitan a aceleración do desenvolvemento do proxecto.

15. Pode o meu proxecto participar ou estar a participar noutras iniciativas simultaneamente?

Si, dende BFA non se poñen trabas a que os proxectos participen noutras iniciativas. O que se se ten en conta é que polo menos dous membros do proxecto teñen que ter unha dedicación do 100% ao proxecto que participa no BFA. E no caso de proxectos procedentes de spin-out e /ou spin-off poden incluír persoas a dedicación parcial sempre que a suma de todas as dedicacións sexa o equivalente de polo menos dúas persoas ao 100% cada unha. (Ver Bases Reguladoras do programa).

16. Como se trata a información proporcionada na inscrición?

Toda a información proporcionada será tratada coa confidencialidade debida. Para máis información pode consultar o apartado de aspectos legais das Bases.

17. Se o meu proxecto non encaixa en ningunha das temáticas marcadas como de especial interese, podó presentalo igualmente?

Si. Que un proxecto non se encaixe dentro dalgunha destas temáticas non significa que non poida ser elixible, pero si que terán preferencia os proxectos que se enmarquen nalgunha das temáticas de especial interese.

18. No caso de participar na fase de aceleración, o proxecto pasaría directamente á fase de consolidación?

Non, un proxecto que participase na fase de aceleración non entra de forma directa na fase de consolidación, o proxecto terá que presentar a súa candidatura de novo para participar na fase de consolidación. Á fase de consolidación pódense presentar proxectos que xa participaron na fase de aceleración e proxectos que non o fixeron, que entren directamente a participar no programa de consolidación debido a que o seu grao de desenvolvemento atópase máis avanzado.



XUNTA
DE GALICIA



PSA
GROUPE

CEAGA
CLUSTER DE EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA

igape»

gain
AGENCIA DE
INNOVACION

xesgalicia

VIGO ACTIVO
SOCIEDAD DE CAPITAL RIESGO